

OS MITOS

DÉDALO, O INVENTOR


Había unha vez en Atenas un famoso inventor e arquitecto chamado Dédalo, moi coñecido polo seu inxenio de sacar a cidade de moitos problemas.

En certa ocasión, Dédalo cometeu un crime polo que se tivo que mudar, xunto co seu fillo Ícaro, a Creta, onde foron moi ben recibidos polo rei Minos e Pasitae.

Tempo despois, Pasifae, vítima dunha maldición, namorouse dun touro branco do que descendeu Minotauro. Esta, temerosa do castigo de Minos, pediulle axuda a Dédalo para escondelo nun enorme labirinto que se situaba dentro do edificio. Co paso

do tempo, Mino descubriu o engano da súa esposa e encerrouna en prisión, mentres Dédalo e Ícaro foron arroxados ao labirinto.

Durante meses, Dédalo e Ícaro estiveron ideando un plan para escapar da trampa de Minos sen que os descubrise. Querían volver á súa antiga cidade, Atenas. Así o fixeron, foron construíndo unhas ás con canas e plumas pegadas con cera para saír voando. Ambas emprenderon voo cara arriba e Ícaro aconselloulle a Dédalo que tivese moito coidado e que non voase moi arriba, pero xa era demasiado tarde. A cera que suxeitaba as



ás de Ícaro, coa calor do sol derreteuse e fixo que este caese en picado ao mar. Dédalo nada puido facer, só afastarse cheo de tristura para chegar pouco despois á súa querida cidade.

Intres

13

Febrero 2005

A CAIXA DE PANDORA



Pandora foi a primeira muller creada. Foi concibida

como un castigo para os homes. Zeus, que fora enganado por Prometeo, decidiu vingarse dos homes e ordenou a Hefesto que moldeara con barro unha figura parecida ás deusas, e que lle infundira vida e voz. Atenea, Afrodita, As Gracias e as horas contribuíron a facela áxil, con beleza e moi seductora. Hermes fíxoa astuta e voluble.

Despois disto, Pandora foi levada como regalo ao incauto irmán de Prometeo, Epimeteo, e este aceptouna gustosamente, xunto cunha caixa que tamén lle foi entregada coa súa chave e coa advertencia de que non podería ser aberta.

Un día, Pandora, movida pola súa curiosidade,

destapou a caixa á que tiña prohibido achegarse, e, de súpeto, do seu interior saíron os males da humanidade, que se espallaron por todo o mundo, sendo a causa dos sufrimentos; pero Pandora conseguiu pechar a caixa antes de que escapara a ESPERANZA, conseguindo desta forma que a humanidade non perdese a esperanza e puidese combater, grazas a ela, algúns dos males que saíran anteriormente da caixa.

Natalia Rodríguez Carril
Miriam Blanco Rodríguez
Rosa Cabado Miguélez. B1A

Mitos recollidos do **Libro de los mitos griegos.**